

**materia**

Lingua Española I

unidade didáctica 3

# Clases de palabras

M<sup>a</sup> Victorina Crego García  
Departamento de Lingua Española  
Facultade de Humanidades

**titulación**

Grao de Lingua e Literatura Española



Vicerreitoría de Cultura



unidade didáctica 3

## **Clases de palabras**

M<sup>a</sup> Victorina Crego García  
Departamento de Lingua Española  
Facultade de Humanidades



© Universidade de Santiago de Compostela, 2010

**Deseño**

Unidixital

**Edita**

Vicerreitoría de Cultura  
da Universidade de Santiago de Compostela  
Servizo de Publicacións  
da Universidade de Santiago de Compostela

**Imprime**

Unidixital  
Servizo de Edición Dixital da  
Universidade de Santiago de Compostela

**Dep. Legal:** C 1192-2010

**ISBN** 978-84-9887-297-8

ADVERTENCIA LEGAL: reservados todos os dereitos.  
Queda prohibida a duplicación, total ou parcial desta  
obra, en calquera forma ou por calquera medio (elec-  
trónico, mecánico, gravación, fotocopia ou outros) sen  
consentimento expreso por escrito dos editores.

**MATERIA: LINGUA ESPAÑOLA I**  
**TITULACIÓN: GRAO DE LINGUA E LITERATURA ESPAÑOLA**  
PROGRAMA XERAL DO CURSO  
Localización da unidade didáctica

**UNIDADE DIDÁCTICA I**

1. O compoñente fónico do español
  - 1.1. O estudo do son. Relacións entre fonética e fonoloxía
  - 1.2. O son articulado
  - 1.3. Clases xerais de sons
  - 1.4. Fonemas e alófonos
  - 1.5. Os alfabetos fonéticos
2. O sistema fonético español
  - 2.1. Fonemas e alófonos do español
  - 2.2. Neutralización e arquifonemas en español
  - 2.3. Fonética, fonoloxía e sistemas de representación gráfica
3. As combinacións de sons: sílabas, grupos vocálicos, ditongos, hiatos...

**UNIDADE DIDÁCTICA 2**

1. O compoñente gramatical: morfoloxía
2. O morfema e a palabra. Definición das unidades: *palabra ortográfica, gramatical e léxica*
3. Delimitación entre morfoloxía e sintaxe
4. A análise morfolóxica: raíz, afixo, tema e base
5. A formación de palabras: composición e derivación

**UNIDADE DIDÁCTICA 3**

1. O compoñente gramatical: clases de palabras
2. Clases de palabras e categorías gramaticais
3. Cuestións xerais
4. Clases de palabras e categorías gramaticais vinculadas
  - 4.1. O substantivo e as súas clases: xénero e número
  - 4.2. O adxectivo e as súas clases. O grao
  - 4.3. O verbo. Tempo, modo, voz, aspecto. Número e persoa
  - 4.4. O pronome. Pronomes átonos e tónicos. Persoa e caso
  - 4.5. O artigo e os determinantes
  - 4.6. O adverbio e as súas clases
  - 4.7. Preposicións e conxuncións. Natureza e clases
  - 4.8. Interxeccións



## ÍNDICE

---

<b>Presentación</b> .....	5
<b>Contidos</b> .....	3
<b>1. Contextualización</b> .....	7
<b>2. Obxectivos</b> .....	8
<b>3. Metodoloxía de ensino</b> .....	9
<b>4. Sistema de avaliación</b> .....	10
<b>Anexo de exercicios</b> .....	12
<b>Bibliografía</b> .....	16



## PRESENTACIÓN

---

Na presente UD búscase a delimitación e descrición das clases de palabras da lingua española, mediante unha serie de criterios máis ou menos eficaces, priorizados e interrelacionados de maneira razoada e obxectiva: lóxico-semánticos, morfolóxicos, sintáctico-distribucionais e pragmáticos.

A través da presentación e ulterior desenvolvemento de tales criterios chégase a romper con visións reducionistas, monolíticas e erróneas presentes sobre todo nas diferentes gramáticas de corte tradicional, pese a que, por motivos eminentemente didácticos, seguimos a utilizar moitos dos seus conceptos e, ante todo, o modo da presentación dos contidos (*vid. contidos*).

Practicamente toda a UD 3 amosa evidencias de base científica da difícil diferenciación entre a unidade *morfema* e a unidade *palabra* (*vid. UD 2*) coa conseguinte necesidade de establecer tricotomías pesadas e paralizantes do tipo de: *palabra ortográfica*, *palabra gramatical* e *palabra léxica*, amén da obrigatoriedade de recorrer á presentación de unidades máis ou menos prototípicas en virtude dunha serie de propiedades esencialmente formais (morfolóxicas e sintácticas).

Poderase comprobar, no ámbito da Semántica, diferenciacións do tipo: contido gramatical, deíctico e léxico ou simbólico. No seo da Sintaxe distinguiremos: dimensión da frase e a dimensión oracional. No eixe distribucional non se deberán obviar conceptos coma: énclise, próclise, fusión substancial de unidades átonas ou inacentuadas con outras tónicas ou acentuadas... A Morfoloxía repartirá e visualizará as competencias de contido e metodolóxicas que distinguirán o estudo da estrutura interna da palabra (sufixos, afixos, prefixos, infixos...) e o estreito vínculo entre a Sintaxe ou os mecanismos sintácticos cos propiamente morfolóxicos. A Pragmática daranos a coñecer a intervención do contexto no seo dunha visión ampla da Gramática, na que se subliña a teoría da comunicación.

A incursión en todas estas dimensións e/ou disciplinas permitiranos ver e entender diferentes correntes de investigación e docentes sobre as clases de palabras, sendo as centrais a *estrutural* e/ou a *funcional*. A tarefa de contraste, sempre construtiva, non destrutiva, o vínculo entre todas as disciplinas lingüísticas, incluso as de índole fónica, e distincións tan coñecidas coma básicas (substancia/forma, significante/significado, relacións sintagmáticas/paradigmáticas, conmutación/substitución) permitirán experimentar a importancia da UD 3 en convivencia coas UD 1 e UD 2, todas elas constituíndo a materia introdutoria *Lingua Española I*.

## 1. CONTEXTUALIZACIÓN

---

**1.1. Tema ou tópico:** «Clases de palabras».

### 1.2. Xustificación do tema

1.2.1. Facer fincapé na importancia dunha parte da Gramática (entendida nun sentido amplo, incluíndo plano fónico, morfosintáctico e semántico), clases de palabras, na totalidade da disciplina, desde, esencialmente, dous prismas: conceptuais ou teóricos e metodolóxicos.

1.2.2. Aproveitar e adaptar os diferentes aspectos lingüísticos abordados nas UD 1 e 2 da materia *Lingua Española I*.

1.2.3. Integrar, por conseguinte, nunha visión ampla da Gramática a análise das dimensións teóricas, prácticas e metodolóxicas do tema abordado.

### 1.3. Temporalización

#### ***Cadro de distribución de actividades***

<b>Actividades</b>	<b>Horas presenciais</b>	<b>Horas non presenciais</b>	<b>Total</b>
<b>Sesiões expositivas</b>	14	24 (4 TD)	38
<b>Sesiões de seminario</b>	3	8 (3 TD)	11
<b>Sesiões de titoría</b>	1	2	3
<b>Sesiões de avaliación</b>	1	2	3
<b>Total</b>	19	36	55

#### ***Cronograma***

##### ***Novembro-décembro***

<b>Semana 9</b>	<b>Semana 10</b>	<b>Semana 11</b>
<ul style="list-style-type: none"><li>• Criterios na clasificación das palabras</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Cuestións xerais</li><li>• O substantivo e as súas clases</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>• O adxectivo e as súas clases</li></ul>

## Decembro

Semana 12	Semana 13
<ul style="list-style-type: none"><li>• O verbo</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>• O pronome</li></ul>

## Xaneiro

Semana 14	Semana 15
<ul style="list-style-type: none"><li>• O adverbio e as súas clases</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>• As preposicións e conxuncións</li><li>• As interxeccións</li></ul>

### 1.4. Destinatarios

Alumnos de 1º curso do Grao de Lingua e Literatura Española. Materia de 6 créditos ECTS de formación básica (FB): *Lingua Española I*. Procedencia: Bacharelato, fundamentalmente.

## 2. OBXECTIVOS

---

### Obxectivos xerais. Ámbito da materia

1. A UD 3 ofrece a consagración do dobre obxectivo perseguido nas UD 1 e UD 2 no ámbito da Gramática española: o obxectivo descritivo e o metodolóxico, no que atinxe ás estratexias docentes abordadas.
2. Establecer relacións no eixo formal (estrutural e funcional) das clases de palabras co estudo das relacións fónicas e coas propias da estruturación fónica e morfolóxica, sobre todo no que se refire á oposición das unidades-base das tres unidades didácticas da materia: *fonema/morfema/palabra*.
3. Realizar a análise contrastada de conceptos tan básicos coma: as relacións sintagmáticas e as paradigmáticas vinculadas aos criterios esenciais que se toman en consideración nas tres unidades didácticas. Estamos a referirnos a criterios e mecanismos de detección e descrición propios do ámbito fónico, do morfolóxico, do sintáctico-distribucional e do semántico, que permiten chegar a clasificacións ou taxonomías axeitadas que aproveitan os acertos de determinadas correntes de investigación aparentemente superadas, ao tempo que nos acercan aos pertencentes a correntes máis adecuadas. Adecuación e inadecuación de conceptos, metodoloxías e obxectivos de diferentes dimensións de investigación que se abordan na aula, fundamentalmente.

4. Diferenciar e relacionar o obxecto de estudo das disciplinas lingüísticas *Fonética, Fonoloxía, Morfoloxía, Sintaxe e Semántica* así coma as metodoloxías parcialmente compartidas por todas elas, amén das distintivas ou diferenciadoras.

5. Por conseguinte, tomando como punto de referencia as disciplinas presentadas no apartado 4, non se debe esquecer a interrelación conceptual, procedemental e actitudinal destas. O alumno ha de distinguir e valorar asociacións tan enriquecedoras coma *son, infixo e preposición, invariante e variante (forma e substancia)* ou *fonema, morfema e palabra*.

6. Xerarquizar e interpretar adecuadamente a información.

7. Utilizar as TIC aplicadas á descrición e investigación nas clases de palabras, no plano fónico e no morfolóxico propiamente dito. Por tanto, hase de buscar e rexistrar información (bibliográfica, informática) sobre os distintos aspectos tratados na totalidade da materia, información enfocada coma denominador común e diferenciador das tres UD.

### **Obxectivos específicos. Ámbito da UD 3**

1. Afondar, ampliar e adaptar a teoría, práctica e metodoloxía iniciada na UD anterior, a UD 2, sen desdeñar a que achega a UD 1.

2. Estudar de maneira concreta, desde as dimensións descritiva e metodolóxica, as clases de palabras da lingua española, especificando os aspectos particulares e diferenciadores existentes entre elas (aparte dos denominadores comúns), e sobre todo, con respecto á UD 2. Con este obxectivo deberanse clasificar as clases de palabras a partir dunha serie de criterios lingüísticos de gran relevancia (sintáctico, morfolóxico, léxico, fónico, pragmático...). No apartado de *Presentación* amósanse aspectos interesantes ou nucleares que nos achegan a esta dimensión.

3. Reflexionar sobre o carácter *gradual* ou *intermedio* de certas unidades e sobre a finalidade das categorizacións efectuadas. Por exemplo, as preposicións e os pronomes persoais átonos son palabras ou morfemas? Depende do prisma que se adopte para a súa análise e ulterior clasificación?

4. Familiarizarse coas variantes máis ou menos *prototípicas* das clases que se poden atopar nos textos orais ou escritos. Por exemplo, o substantivo e/ou adxectivo *negro* é máis ou menos prototípico en virtude das propiedades *prominentes* (non *desviadas*) que se toman en consideración, sexan estas as do substantivo ou as do adxectivo?

### **3. METODOLOXÍA DE ENSINO**

---

A unidade didáctica ten unha dobre vertente, teórico-descriptiva e práctica. Por iso, cada punto tratado será inicialmente introducido pola profesora na aula, sendo esta explicación, con ou sen a axuda de bibliografía complementaria, a base inicial do coñecemento. Esta vía metodolóxica é especialmente recomendable cando o contido presentado ao alumnado é moi complicado para o seu nivel de coñecementos e, asemade, nos casos en que se traballe con grupos de alumnos amplos. Non se debe esquecer que a docente ha de ir á procura da adecuación dos contidos a tales coñecementos, previa selección pertinente, coherente e priorizada dos conceptos lingüísticos que se van tratar. Por tanto, ha de partir de ideas-eixe que garantan continuidade e progresión metodolóxica: avanzar das dimensións máis sinxelas a aquelas que requiran métodos de retroalimentación (volta a contidos e/ou métodos sobreentendidos) e de reiteración (*vid.* anexo final).

A explicación irá seguida das sesións prácticas correspondentes nas que, coa guía ou orientación da docente, o alumno adestrarase no uso dos conceptos estudados e abordarase a extensión e implicacións dos mesmos fundamentándose na súa utilización en contextos concretos e reais.

Finalmente, tras o adestramento proporcionado pola exercitación dos conceptos, faranse prácticas que permitan ver o dominio que os alumnos acadaron. Tales prácticas, regularmente feitas, ao erixirse nun método interactivo no que poidan participar grupos de alumnos, darán lugar á posibilidade de que o alumno estableza relacións persoais e conceptuais no espazo da aula (previa disposición física adecuada dos seus compoñentes) e noutros espazos (seminarios, aulas de estudo ou de informática). Ademais, como é obvio, constituirán parte importante da avaliación continuada, inicial, procesual e final do alumno.

#### **Tipos de actividades**

##### **De verificación de coñecementos previos**

- Cuestionario de respostas curtas sobre algúns conceptos esenciais da materia.
- Identificación de clases de palabras con breve xustificación teórico-práctica.
- Contraste fundamentado de pares de palabras.

##### **Para desenvolver os contidos**

- Exercicios ou prácticas sobre clases de palabras en contextos formalmente sincréticos.  
**Temporalización:** 7 horas de traballo no ámbito dun seminario previamente deseñado para o aproveitamento do tempo dedicado a estas actividades.
- Exercicios para lograr a identificación de distintas palabras estruturais e da finalidade concreta que as fixo xurdir.

**Temporalización:** a mesma que a presentada no punto anterior.

- Exercicios que aspiren a acadar a xustificación da clase de palabra á que pertencen distintas manifestacións dunha mesma forma segundo o seu comportamento sintagmático en diferentes contextos.

**Temporalización:** a mesma que a usada nos dous apartados xa presentados.

- Deseño, elaboración e exposición dun traballo a través de recursos audiovisuais (fotocopias de diversos textos, ordenador/es con conexión a Internet e software apropiado á actividade realizada, un canón de ordenador, encerado...) dun aspecto ou dimensión abordada na exposición da profesora na clase presencial. Darase unha marxe temporal precisa para este labor, amén de opcións de investigación para que o alumnado perciba que posúe autonomía de selección e decisión. De feito, a docente guiará e encamiñaráo basicamente en tres fases: antes de iniciar unha tarefa, durante o desenvolvemento desta e, finalmente, despois da tarefa.

**Temporalización:** 25 horas de traballo fóra da aula / 5 de titorías personalizadas / 1 hora de exposición, debate e conclusións na aula ou seminario.

- Resolución dun problema de maior ou menor complexidade utilizando a metodoloxía axeitada suxerida pola docente ou polo discente (por conseguinte, coa constante de fondo da versatilidade para traballar dunha maneira ou outra distinta). A profesora proporcionará información (orientación, guías, lecturas...) para que o discente poida resolver o problema formulado, dando entrada a recursos materiais obrigatorios ou optativos: bibliografía complementaria de apoio, sitios web, aula virtual activada pola docente (chats, foros, blogs, espazos con materiais de diferente procedencia incorporados...).

**Temporalización:** 10 horas de traballo fóra da aula / 1 de titorías / 1 semana para a súa entrega á profesora.

#### **4. SISTEMA DE AVALIACIÓN**

---

A avaliación da materia abordada nesta unidade didáctica realizarase con prácticas e probas relativamente constantes e regulares. Ademais destas probas, farase o preceptivo exame final.

Os exercicios consistirán nunha serie de probas en xeral breves, preferentemente de tipo práctico, cuxo fin será o control do traballo desenvolvido polo alumno ao longo do tempo utilizado para a execución desta unidade didáctica. As probas, por tanto, poderán facerse en calquera das sesións prácticas de tal unidade temporal. Estes exercicios, algúns realizados nas clases prácticas e outros fóra da aula, devolveranse corrixidos nun prazo non superior a unha semana.

Na avaliación, as probas poderán supoñer un 40% da nota parcial se se obtivese en todas resultado positivo. No caso de non ocorrer así, a porcentaxe do valor do exame subirá na medida na que as probas non se teñan realizado ou non se teñan superado.

A nota final terá en conta os resultados dos exercicios e o exame final nas proporcións que os resultados dos primeiros determinen.

En síntese, avaliarase o alumnado considerando os tres aspectos que seguen:

#### **Cando avaliaremos?**

- No comezo da UD.
- No proceso do seu desenvolvemento.
- Na fase final.

#### **Que avaliaremos?**

- Os alumnos.
- A actuación docente. Corrección de erros, de contidos, metodolóxicos e de obxectivos acadados ou non pola profesora.
- Programación. Adecuación ou inadecuación reflectida na actitude, resposta (a través das enquisas ou de suxestións directas ou indirectas) e dos resultados sobre todo procesuais e finais.

#### **Como avaliaremos?**

- Observando mediante distintas escalas.
- Realización de probas obxectivas: tipo-tema, tipo-test, de localización e descrición de conceptos relevantes, de aplicación da metodoloxía presentada con anterioridade... Poderán realizarse con ou sen previo aviso e dentro ou fóra da aula.
- Realización de entrevistas individuais ou en grupo previamente programadas.

#### **Aspectos que se serán en conta para a avaliación e criterios que se empregarán en cada un deles**

<b>Aspecto</b>	<b>Criterios</b>	<b>Instrumentos</b>	<b>Peso</b>
<b>Asistencia e participación</b>	Asistencia e participación activa nas distintas actividades	Observación e notas da profesora	10%
<b>Contidos da UD</b>	Dominio dos contidos teóricos e prácticos	Exame escrito teórico-práctico	50%
<b>Exercicios</b>	Estrutura, contidos, argumentación, orixinalidade e presentación	Valoración e cualificación da profesora	40%

## ANEXO DE EJERCICIOS

---

1. Constrúe pares de secuencias que inclúan os substantivos seguintes como contables (ou discontinuos) ou non contables (ou continuos): *Vino, tomate, hielo, pintura, cine, café, papel, tiza, chocolate, leche*.

2. Clasifica os substantivos do fragmento seguinte (exclúidas as expresións fixas, frases feitas ou locucións) desde o punto de vista semántico.

Rápidamente la niña recorrió la distancia que los separaba y se detuvo junto a ellos. Permaneció de pie, mirándolos con curiosidad, observándolos fijamente. Ambos estaban sentados y cuando oprimió el disparador se dio cuenta de que tenía el flash descargado. La niña no reparó en este desgraciado accidente. Siguió de pie, metiéndose un dedo en la boca. Era un dedo rollizo o inteligente: por su extremidad rosada ella había aprendido a conocer el mundo y a quererlo. A veces sabía a miel, a manzanas frescas, a polvo, a tomillo, a veces sabía a limón y le había enseñado a apartarse de las cosas calientes y de la gente de piel áspera y acre.

3. Explica a diferenza de significado que hai entre as dúas frases de cada par:

3.1. Un gran cuadro / Un cuadro grande.

3.2. Una pequeña contribución / Una contribución pequeña.

3.3. La nueva casa / La casa nueva.

4. Existe ambigüidade sintáctica na secuencia *Un viejo revolucionario*? A que se debe? (Compárese con *Un revolucionario viejo*).

5. Aínda que se soe afirmar que o adxectivo é unha clase de palabra que admite gradación, algúns dos incluídos na seguinte lista non son graduables: *marinero, enfermizo, andariego, hípico, ferroviario, nervioso, marítimo*. Cales? E por que?

6. Comproba se os seguintes pares de adxectivos admiten gradación. Existe algunha diferenza entre eles? A que se debe?

6.1. Gripal / griposo

6.2. Maternal / materno

6.3. Muscular / musculoso

6.4. Provincial / provinciano

6.5. Paternal / paterno

6.6. Civil / cívico

6.7. Sederó / sedoso

7. Localiza neste texto:

(a) Todos os pronomes persoais (indica a súa función sintáctica e as súas características morfolóxicas);

(b) Todos os pronomes relativos (indica a súa función sintáctica e o seu antecedente);

(c) Todos os cuantificadores (indica a súa función sintáctica).

El día en que alguien logre la antología definitiva del cuento fantástico, se verá que muchos de los que pueblan para siempre la memoria medrosa de la especie se cumplen en torno a una casa, son una emanación de ella, contienen de alguna manera una invitación a franquear la entrada para que después el lector protagonista descubra por su cuenta otras puertas que no han sido fabricadas en las carpinterías de la ciudad diurna.

No es casual que libros de cuentos como éste sean en sí mismos una de esas casas interiores, y que cada relato proponga un avance por habitaciones, galerías, patios y escaleras que absorben al lector y lo separan de su mundo previo. Se diría que escritores como Cristina Peri Rossi repiten sin saberlo (¿pero qué es saber en esta tierra de nadie donde pasean los dinosaurios y las abejas reinas?) el oscuro arquetipo del palacio de Barba Azul: habitaciones, corredores de espejos, puertas condenadas o prohibidas, siempre puertas para aquellos que prefieren el horror y la muerte a la renuncia de no abrirlas. Un cuento termina y ya otros empiezan en la habitación siguiente; con los dedos de la mirada, incapaces de resistir, buscaremos una vez más la cerradura, la falleba, empujaremos los batientes y veremos.

8. Que diferenzas gramaticais hai entre as expresións *Agua bastante fresca* e *Bastante agua fresca*?

9. Indica a función sintáctica que desenvolven os adverbios nas seguintes oracións. Menciona se hai algún caso de ambigüidade referencial.

9.1. Cantas o silbas a las altas estrellas también tuyas.

9.2. Todos estos problemas entre las familias vienen de antes de la guerra.

9.3. Lamentablemente, ingresó en el hospital.

9.4. El director llegó a la reunión diez minutos más tarde.

9.5. María llamó primero.

9.6. Ingresó en el hospital lamentablemente.

9.7. Quizá llueva mañana aquí.

10. Algunhas palabras poden pertencer a máis dunha clase. Indica con exemplos a que clases de palabras poden pertencer: *demasiado, solo, mejor, mientras, luego, bajo, nada, medio*.

10. Le este fragmento:

Después de desahogarme de los excesos del champaña me sorprendí a mí mismo en el espejo, indigno y feo, y me asomé de que fueran tan terribles los estragos del amor. De pronto el avión se fue a pique, se enderezó como pudo, y prosiguió volando al galope. La orden de volver al asiento se encendió. Salí en estampida, con la ilusión de que sólo las turbulencias de Dios despertaran a la bella, y que tuviera que refugiarse en mis brazos huyendo del terror. En la prisa estuve a punto de pisar los lentes de la holandesa, y me hubiera alegrado. Pero volví sobre mis pasos, los recogí, y se los puse en el regazo, agradecido de pronto de que no hubiera escogido antes que yo el asiento número cuatro.

El sueño de la bella era invencible. Cuando el avión se estabilizó, tuve que resistir la tentación de sacudirla con cualquier pretexto, porque lo único que deseaba en aquella última hora de vuelo era verla despierta, aunque fuera enfurecida, para que yo pudiera recobrar mi libertad, y tal vez mi juventud.

(a) Identifica as construcións pronominais do texto anterior e indica a función do pronome.

(b) Localiza as formas non persoais ou nominais do verbo, indica a súa función sintáctica e se conservan ou non a súa natureza verbal.

(c) Aplicando algunha proba gramatical, identifica as perífrases verbais que aparecen no texto.

12. Constrúe oracións coas seguintes propiedades:

12.1. Un substantivo abstracto, continuo, determinado por un posesivo.

12.2. Un substantivo concreto, descontinuo, recategorizado como continuo.

12.3. Un substantivo concreto, continuo, recategorizado como descontinuo.

12.4. Un adxectivo clasificador e un adxectivo cualificativo.

12.5. Un adxectivo que poida recategorizarse como substantivo.

12.6. Un pronome persoal tónico de primeira persoa que funcione como complemento ou obxecto indirecto e un pronome átono de terceira persoa que funcione como complemento e obxecto directo.

12.7. Un cuantificador pronominal, invariable en xénero e número, que funcione como suxeito e outro que funcione como complemento ou obxecto directo.

12.8. Un determinante cuantificador que experimente flexión de número, pero non de xénero.

12.9. Un determinante cuantificador que experimente flexión de xénero, pero non de número.

12.10. Un pronome relativo que funcione como suxeito na oración subordinada que introduce e que só poida ter un antecedente co trazo [+humano].

12.11. Un adxectivo relativo.

13. En que clase de palabras incluirías os elementos subliñados? Xustifica a túa resposta.

- 13.1. El buen vivir.
- 13.2. El vivir bien.
- 13.3. Un lejano tañer de campanas.
- 13.4. El continuo protestar.
- 13.5. El tañer lejos las campanas.
- 13.6. El amar es dulce tormento.
- 13.7. El amar la naturaleza es obligación del ser humano.
- 13.8. El hablarle de ese modo no soluciona nada.
- 13.9. El no saber qué contestarle me delató.
- 13.10. El protestar continuamente.

14. Le o seguinte fragmento:

Uno de esos tantos agostos, mientras leía el periódico en la terraza, el presidente dio un salto de asombro.

—¡Ah, caray! —dijo— ¡He muerto en Estoril!

Su esposa, levitando en el sopor, se espantó con la noticia. Eran seis líneas en la página quinta del periódico que se imprimía a la vuelta de la esquina, en el cual se publicaban sus traducciones ocasionales, y cuyo director pasaba a visitarlo de vez en cuando. Y ahora decía que había muerto en Estoril de Lisboa, balneario y guarida de la decadencia europea, donde nunca había estado, y tal vez el único lugar del mundo donde no hubiera querido morir. La esposa murió de veras un año después, atormentada por el único recuerdo que le quedaba para aquel instante: el único hijo, que había participado en el derrocamiento de su padre, y que fue fusilado más tarde por sus propios cómplices.

(a) Localiza no texto anterior todos os relativos. Indica a súa función sintáctica e o seu antecedente.

(b) Indica a que clase e subclase pertencen as palabras subliñadas no texto, a función sintáctica que desempeñan e, se son variables, as súas características morfolóxicas.

(c) Localiza as formas verbais non persoais e indica se conservan ou non o seu carácter verbal. Xustifica a túa resposta.

15. Indica a clase de palabras a que pertencen as subliñadas nestas oracións:

- 15.1. Es mucho más trabajador que tú.
- 15.2. Comes mucho.
- 15.3. Es bastante alto.
- 15.4. Esta agua está bastante fresca.
- 15.5. Te quiero mucho.
- 15.6. ¿Queda bastante agua fresca?
- 15.7. Todos lo secundaron.
- 15.8. Nadie le ha dado la razón.
- 15.9. Estás todo mojado.

15.10. Estás poco mojado.

16. Tras ler o seguinte texto, indica:

- (a) A que clase de palabras pertencen as sinaladas en cursiva. Xustifica as túas respostas.
- (b) De que palabra deriva cada unha delas e a que clase pertence. Xustifica as túas respostas.
- (c) Localiza e clasifica todos os pronomes que hai no texto, describe as súas propiedades morfolóxicas e distribucionais e indica que función sintáctica desempeñan.
- (d) Localiza e clasifica todos os adverbios, describe as súas propiedades morfolóxicas e distribucionais e indica que función sintáctica desempeñan.
- (e) Ofrece exemplos de substantivos *pluralia tantum* (se non os atopas, recorre á túa competencia lingüística). Defíneos.
- (f) Ofrece exemplos de palabras que conteñan un sufixo e un prefixo.
- (g) Busca exemplos de substantivos *epícenos*. Defíneos.
- (h) Escolle algúns exemplos como ilustración das dicotomías *concreto/abstracto* e *continuo/descontinuo*. Explica tales dicotomías nociónais.

Pero, aunque se ampliará ese extremo en su lugar oportuno, lo que quiero dejar insinuado, ahora, para enlazar con el tema de la *educación*, es que la excursión a los *desmontes* de una *pareja* de la clase media era propuesta y *capitaneada* por el novio, que ya tenía *conocimiento* de aquellos barrios, en algunos casos a causa de una relación íntima con alguna *moradora* de ellos. Lo contrario era *impensable*. Para una chica *burguesa* significaba el descubrimiento de «otro mundo», y no siempre se prestaba de buen grado a asomarse a él, de la misma manera que en la primera edad recelaba, aunque a veces con cierta envidia, de los juegos *callejeros* de sus hermanos, demasiado violentos, y de aquellas *conversaciones* sobre «cosas feas» que los *aislaban* en un mundo de difícil acceso y reglas *excluyentes*.

17. Tema: o artigo en español.

18. Diferenzas e concomitancias entre o substantivo e o pronome persoal na lingua española.

19. Pódese xustificar desde o punto de vista gramatical a inclusión do substantivo e o adxectivo na clase *nome*? Razo a túa resposta.

20. Pódese xustificar desde o punto de vista gramatical a inclusión dos adxectivos determinativos e dos adxectivos cualificativos na mesma clase gramatical? Razoa a túa resposta.

21. Que entendes por contido *deíctico*? Que clases de palabras o conteñen?

22. Define e exemplifica os seguintes conceptos:

22.1. Adverbio nominal.

22.2. Substantivo propio.

22.3. Substantivo individual.

22.4. Substantivo colectivo continuo.

22.5. Adxectivo clasificador ou relacional.

22.6. Grao positivo / comparativo / superlativo.

22.7. Verbo auxiliar.

22.8. Verbo bipersoal.

22.9. Indicativo / subxuntivo / imperativo.

22.10. Unidades lingüísticas con autonomía sintáctico-semántica.

23. Que opinión che merece a afirmación: «el pronombre es aquella clase de palabra que va en lugar de un nombre». Razoa a túa resposta, utilizando os exemplos que consideres oportunos.

24. Que opinión che merece a afirmación: «el adverbio es aquella clase de palabra que no ofrece flexión pero que, en todos los casos, tolera sufijación que indica grado, carácter aumentativo o diminutivo». Xustifica a túa resposta, utilizando os exemplos que consideres oportunos.

25. Que opinión che merece a afirmación: «el género de los sustantivos indica el sexo al que pertenecen los seres que denotan». Xustifica a túa resposta, utilizando os exemplos que consideres oportunos.

## BIBLIOGRAFÍA

---

Para superar a materia correspondente á UD 3, o alumno deberá realizar, ademais dos exames ou probas correspondentes, unha lectura de carácter obrigatorio:

SECO, R. (1969): *Manual de Gramática española*, revisada por Manuel Seco, Madrid: Aguilar, caps. II-X.

### Bibliografía xeral

#### Gramáticas do español e estudos xerais

ACADEMIA, REAL \_\_ ESPAÑOLA (1973): *Esbozo de una nueva gramática de la lengua española*, Madrid: Espasa-Calpe.

ALARCOS LLORACH, E. (1994): *Gramática de la lengua española*, Madrid: Espasa-Calpe.

ALCINA, J. e J. M. BLECUA (1975): *Gramática española*, Barcelona: Ariel.

BOSQUE, I. (1989): *Las categorías gramaticales*, Madrid: Síntesis.

BOSQUE, I. e V. DEMONTE (coords.) (1999): *Gramática descriptiva del español*, Madrid: Espasa-Calpe/Real Academia Española, 3 vols.

BUTT, J. e C. BENJAMÍN (1988): *A New Referent Grammar of Modern Spanish*, London: Arnold.

GILI GAYA, S. (1961): *Curso superior de sintaxis española*, Barcelona: Spes, 1961<sup>8</sup>.

GÓMEZ TORREGO, L. (1998): *Gramática didáctica del español*, Madrid: SM.

SECO, R. (1967): *Manual de gramática española*, Madrid: Aguilar, 1967<sup>9</sup>.

#### Diccionarios da Lingua

ACADEMIA REAL \_\_ ESPAÑOLA (2002): *Diccionario de la lengua española*, Madrid: Espasa-Calpe. Consulta en línea: <http://buscon.rae.es/drael/>

— (2006): *Diccionario esencial de la lengua española*, Madrid: Espasa-Calpe.

GUTIÉRREZ CUADRADO, J. (coord.) (1996) : *Diccionario Salamanca de la lengua española*, Madrid: Santillana-Universidad de Salamanca.

MALDONADO, C. (dir.) (1996): *Clave. Diccionario de la lengua española*, Madrid: SM.

MOLINER, M. (1966): *Diccionario de uso del español*, Madrid: Gredos, 1998<sup>2</sup>.

SECO, M., A. Olimpia e G. Ramos (1999): *Diccionario del español actual*, Madrid: Santillana.

#### Outros dicionarios

ACADEMIA, REAL \_\_ ESPAÑOLA (2005): *Diccionario panhispánico de dudas*, Madrid: Santillana, 2005<sup>2</sup>. Consulta en línea: <http://buscon.rae.es/dpdl/>

- BOSQUE, I. (2006): *Diccionario combinatorio práctico del español contemporáneo*, Madrid: SM.
- LÁZARO CARRETER, F (1968): *Diccionario de términos filológicos*, Madrid: Gredos, 1968<sup>3</sup>.
- MARTÍNEZ DE SOUSA, J. (1996): *Diccionario de usos y dudas del español actual*, Barcelona: Biblograf.
- SECO, M. (1987): *Diccionario de dudas y dificultades de la lengua española*, Madrid: Espasa-Calpe, 1987<sup>9</sup>.

### Bibliografía específica

- ACADEMIA, REAL \_\_\_ ESPAÑOLA (1973): *Esbozo de una nueva gramática de la lengua española*, Madrid: Espasa-Calpe.
- ALARCOS LLORACH, E. (1970), *Estudios de gramática funcional del español*, Madrid, Gredos.
- (1994): *Gramática de la lengua española*, Madrid: Espasa-Calpe.
- BOSQUE, I (1989): *Las categorías gramaticales*, Madrid: Síntesis.
- COSERIU, E. (1978): «Sobre las categorías verbales (partes de la oración)», en *Gramática, semántica, universales*, Madrid, Gredos, pp. 50-79.
- GILI GAYA, S. (1961) : *Curso superior de sintaxis española*, Barcelona: Spes, 1961<sup>8</sup>, cap. VII, §§ 78-84.
- GÓMEZ TORREGO, L. (1997), *Gramática didáctica del español*, Madrid, SM.
- (2002), *Nuevo Manual de español correcto*, vol. II, Madrid, Arco/Libros.
- GONZÁLEZ CALVO, J. M. (1988), *Estudios de morfología*, Cáceres, Universidad de Extremadura.
- (1998), *Variaciones en torno a la Gramática Española*, Cáceres, Universidad de Extremadura.
- HALLIDAY, M. A. K. (1972) : «Categories of the Theory of Grammar», *Word* 17 (1961), pp. 241-292. Reeditado en B. Malinberg (ed.), *Readings in Modern Linguistics*, Läromedelsforlagen/Mouton: Stockholm/The Hague, pp. 157-208.
- LENZ, R. (1920): *La oración y sus partes*, Madrid: Centro de Estudios Históricos.
- MARCOS MARÍN, F., F. J. SATORRE GRAU e M<sup>a</sup> L. VIEJO SÁNCHEZ (1998), *Gramática española*, Madrid, Síntesis.
- SECO, R. (1967): *Manual de gramática española*, Madrid: Aguilar, 1967<sup>9</sup>, 1<sup>a</sup> parte.
- WIERZBICKA, A. (1986): «What is a Noun? (or How do Nouns Differ in Meaning from Adjectives)», *Studies in Language* 10, 2, pp. 352-389.



Unha colección orientada a editar materiais docentes de calidade e pensada para apoiar o traballo de profesores e alumnos de todas as materias e titulacións da universidade



Servizo de Normalización  
Lingüística